

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E O CLUB CULTURAL VALLE-INCLÁN, A ASOCIACIÓN CULTURAL CINECLUBE PADRE FEIJOO E A ASOCIACIÓN CINE CLUB PONTEVEDRA PARA A COLABORACIÓN NA DIFUSIÓN DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL NAS CIDADES DE LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA EN 2023

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar co Club Cultural Valle-Inclán, a Asociación Cultural Cineclub Padre Feijoo e a Asociación Cine Club Pontevedra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende **o día de sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2023**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento do marco de colaboración entre as partes para a realización dun programa de difusión de produción audiovisual nas cidades de Lugo, Ourense e Pontevedra durante o ano 2023. Unha programación que se desenvolverá dende o 3 de abril ata o 15 decembro de 2023, cun máximo de 30 semanas, a razón dun programa por semana (exceptuando os meses de xullo e agosto), e ao longo das cales se proxectará un mínimo de sete títulos de produción galega, así como unha escolma representativa da diversidade da programación da sala de proxeccións da Fimoteca de Galicia dos últimos meses.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Agadic considera necesario impulsar a relación entre os distintos axentes culturais galegos no ámbito audiovisual, establecendo programas de cooperación con outros centros con fins semellantes ou complementarios.

A colaboración, neste caso, co Club Cultural Valle-Inclán, a Asociación Cultural Cineclub Padre Feijoo e a Asociación Cine Club Pontevedra busca incidir nun maior coñecemento das artes da imaxe e posibilitar un enriquecemento e variedade da oferta cultural na cidades de Lugo, Ourense e Pontevedra, achegando propostas cinematográficas de claro contido cultural a un número amplo de espectadores ao ser estas entidades referentes a nivel provincial e nas súas áreas de influencia, polo que as partes consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante o ano 2023 que profundicen na promoción, potenciación e difusión do sector audiovisual a través da organización das actividades obxecto deste convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

Jacobo Sutil Nesta
Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

